

A proposta da Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), desde hai décadas, o 21 de marzo celébrase, na maior parte do mundo, o Día Internacional dos Bosques, tamén chamado Día Mundial da Arbre, para concienciar á sociedade sobre a importancia das árbores e dos bosques para a vida no noso planeta.

Neste ano 2016 a Concellería de Medio Ambiente e Convivencia do Concello de Santiago de Compostela, xunto co Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela

e coa colaboración de Ferrovial e MedioNatural, organizan actividades didáctico-culturais en parques de Compostela coa finalidade de poñer en valor as árbores como habitantes da cidade, a través das funcións que desenvolven na mesma (ecolóxica, social, educativa, histórica, cultural,..), así como importante da biodiversidade dos parques de Santiago de Compostela.

# O Día Mundial da Arbre 2016 en Santiago de Compostela



Funcións mais salientables dos parques na cidade:

**- Ambientais:**

- Contribúen a manter e mellorar a biodiversidade, tanto de flora e fauna autóctona como autóctona
- Reducen a contaminación atmosférica. Son os "pulmons" da cidade
- Reducen o ruído producido polo tráfico e a xente
- Crean áreas de sombra que no verán refrescan o ambiente

**- Sanitarias:**

- O acceso a parques favorece o benestar físico e mental dos cidadáns, xa que os espazos verdes ademais de permitir a realización de diferentes exercicios físicos, son relaxantes, melloran a memoria e o estado de ánimo.

**- Sociais**

- Son espazos de lecer e de convivencia

**- Históricas e culturais**

- Cada parque ten a súa propia historia vinculada á da cidade e alberga un valioso patrimonio cultural (especies de gran interese, árbores senlleiras, esculturas, fontes, bancos...).



## Roteiros guiados polos xardíns de Compostela

- **Público xeral:** Día 21 de marzo
  - Alameda: 10h, 12h e 16.30h
  - Parque de Vista Alegre: 10h, 12h e 16.30h
  - Parque Eugenio Granell: 10h, 12h e 16.30h
- **Centros de ensino:** Do 28 de marzo ao 1 de abril
  - Alameda: 10h e 12h
  - Parque de Vista Alegre: 10h e 12h
  - Parque Eugenio Granell: 10h e 12h

Información e reservas: [www.usc.es/museohn](http://www.usc.es/museohn) ou Tlf: 881 816 350

### Organizan:



### Colaboran:



## Día Mundial da Árbore 2016

### Roteiros guiados polos xardíns de Compostela



# Parque Eugenio Granell

# Eugenio Granell



## Algunhas especies do parque

- |                         |                       |                        |
|-------------------------|-----------------------|------------------------|
| 1 Acacia melanoxylon    | 5 Fraxinus excelsior  | 9 Platanus x hispanica |
| 2 Alnus glutinosa       | 6 Gynkgto biloba      | 10 Quercus robur       |
| 3 Eucalyptus globulus   | 7 Phoenix canariensis | 11 Salix atrocinerea   |
| 4 Fraxinus angustifolia | 8 Pinus radiata       | 12 Salix viminalis     |

Inaugurado en 2003, este parque situado ao sueste de Compostela no barrio de O Paxonal, tamén coñecido como Ponte Pedriña, moi preto da estación do tren, é a principal área verde dos barrios de O Castiñeiriño, Pontepedriña, Conxo e o Ensanche.


É un dos parques máis extensos de Compostela con 130.000 m<sup>2</sup>. Destaca, ademais das espectaculares vistas sobre a cidade, dende os miradoiros instalados nas zonas altas do parque, a súa configuración, onde as abundantes áreas de céspede van trocando pouco a pouco nunha frondosa carballeira e un bosque de ribeira, ao carón do río Sar. Estes dous bosques dan un carácter de natureza silvestre ao parque.

O bosque ribeira esta poboado principalmente por freixos (*Fraxinus angustifolia* e *Fraxinus excelsior*), ameneiros (*Alnus glutinosa*), salgueiros (*Salix atrocinerea*) ou vimieiros (*Salix viminalis*).

Os céspedes e xardíns da ladeira presentan gran diversidade de árbores ornamentais, dispostos seguindo as liñas dos paseos ou formando pequenos rodais, como os camelios (*Camellia japonica*), os magnolios (*Magnolia x soulangiana* ou *Magnolia grandiflora*) ou cerdeiras e ameixeiras de flor (*Prunus avium*, *Prunus cerasifera* ou *Prunus serratula*).

Este xardín débelle o seu nome a **Eugenio Granell**, ilustre pintor, escritor e poeta surrealista galego.

Nacido en A Coruña en 1912, pasou a súa infancia en Compostela. Tras a Guerra Civil española, exiliase á República Dominicana e anos despois trasládase a Nova York. Nos anos coárente comeza a súa obra pictórica, con clara influencia surrealista, obtendo un gran éxito a nivel mundial. En 1985 regresa a España e falece en Madrid en 2001.



## Outros elementos do parque

- |                              |             |                   |
|------------------------------|-------------|-------------------|
| 1 Ponte peatonal sobre o Sar | 3 Cafetería | 5 Pistas de skate |
| 2 Residencia de maiores      | 4 Mirador   | 6 Parque infantil |

## As carballeiras




A área situada ao norte do parque semella un bosque silvestre que transmite a sensación de natureza dentro da cidade, pero a proba evidente de que é un bosque de cultivo é o dominio absoluto dunha especie no dosel arbóreo, o carballo.

En Galicia todos os bosques están mais ou menos alterados pola intervención do home, durante séculos ou incluso milenios. Unha forma de coñecer o seu estado de conservación é analizando as especies que forman os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo. En xeral os mellor conservados son os que teñen mais variedade de especies e todas elas con un

número semellante de exemplares. Pola contra os bosques de cultivo, ou os que foron explotados durante moito tempo, o número de especies do estrato arbóreo é moi baixo e a maioría das árbores pertencen a unha única especie, como é o caso desta carballeira.

## Os bosques de ribeira



Son bosque de orixe natural que ocupan as marxes de regueiros, lagoas ou ríos, e que adoitan ser frondosos e compostos por especies que prefiren solos húmidos e lamacentos. De acordo coas súas preferencias ecolóxicas na primeira liña aparecen ameneiros, (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*); seguidos dos freixos (*Fraxinus angustifolia* e *Fraxinus excelsior*) e bidueiros (*Betula alba*).

### *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

#### Ameneiro

Esta especie medra silvestre nas marxes de cursos de auga en gran parte de Europa, Asia e Noroeste de África. As follas son caducas co limbo redondeado, bordos dentados e ápice obtuso. Os froitos agrupados en amentos transfórmanse en pequenas "piñas" na frutificación, con pequenas sámaras aladas.



### *Fraxinus angustifolia* Vahl.

#### Freixo

Medra silvestre en marxes de cursos de auga e fondos de vales húmidos. Presenta follas caducas, compostas, con 5-7 folíolos, estreitos e con dentes espazados. As xemas invernañtes son de cor pardo ou ocre. Froito de tipo sámara cunha soa semente e unha á apical que facilita a súa dispersión polo vento.



### *Salix atrocinerea* Brot.

#### Sauce

Árbore que medra silvestre en zonas moi húmidas. De follas caducas lanceoladas co marxe case enteiro, coa cara inferior do limbo moi piloso. O froito está formado por pequenas cápsulas que se abren sobre a árbore para liberar diminutas sementes provistas de pelos que facilitan a súa dispersión.



### *Quercus robur* L.

#### Carballo

Orixinario de Europa, é a árbore máis emblemática de Galicia, onde medra tanto silvestre coma cultivado. De folla caduca, presenta aurículas na base do limbo e lóbulos laterais redondeados cun pecíolo moi curto. Landras colgantes sobre longos pedúnculos, con cúpula que cubre parte do froito.

